

8M, IGUALDADE OU CONFLITO

UGT-Galicia chama á participación nos actos convocados para celebrar este 8M

Redacción.- Con motivo do Día Internacional da Muller, que se celebra o 8 de marzo, UGT e CCOO publicaron un manifesto baixo o lema "8M, Igualdade ou Conflito. UGT e CCOO activas para a igualdade efectiva no ámbito laboral"

No mesmo, poñen en valor o aumento do SMI ata 1.080 euros e aseguran que é unha "medida indispensable que reducirá a brecha de xénero e podería beneficiar ao 14.5% do total de persoas asalariadas" e permitirá "que se reduza en maior medida a brecha salarial existente", pois "as mulleres seguen tendo en xeral salarios máis baixos e ocupan maioritariamente sectores moi afectados polo SMI". Ambos os sindicatos denuncian que as mulleres seguen sendo as que traballan a tempo parcial e as que asumen maioritariamente os permisos por coidados. Destacan que, a pesar dos avances legais, "é imperativo" que estes permisos sexan retribuídos e que se avance noutras políticas e medidas de corresponsabilidade. Tamén insisten na necesidade de impulsar medidas de igualdade na negociación colectiva, esixen o cumprimento dos plans de igualdade, combater a violencia machista desde os centros de traballo, incrementar e mellorar as políticas activas de emprego e adoptar políticas con perspectiva de xénero e a plena equiparación en dereitos das traballadoras do fogar. Ambos os sindicatos demandan investir en educación en igualdade; que se garanta o dereito ao aborto, sen ningún tipo de coacción; e reforzar e garantir os instru-

Actos programados por UGT en Galicia para celebrar o Día Internacional da Muller 2023



CORUÑA E CEE	8 DE MARZO	12:00 horas Concentración conxunta con CCOO e lectura do Manifesto na Praza das Cigarreiras. Ofrenda floral. 20:00 horas Participación na Manifestación organizada por PFG e MMM dende o Obelisco ata a Praza das Cigarreiras.		
	9 DE MARZO	10:30 horas Rolda de prensa con Cristina Antoñanzas, Vicesecretaria General de UGT 11:00 horas entrega da Distinción Muller Traballadora. No acto contaremos coa presenza de Inés Rey, Alcaldesa da Coruña, Cristina Antoñanzas, Vicesecretaria General de UGT e Angel Iglesias, Secretario Xeral de UGT Coruña e Cee. 11:30 horas Mesa-coloquio "As Mulleres no ámbito laboral" para a que contaremos con: <ul style="list-style-type: none"> • Cristina Antoñanzas, Vicesecretaria General de UGT "Situación das mulleres no mercado laboral. Aportacións da UGT" • Yoya Neira, Concelleira de Igualdade, Benestar Social, Participación e Igualdade do Concello da Coruña "Políticas de igualdade no ámbito municipal" • Sandra García Inspectora de Traballo e Seguridade Social "Actuacións da Inspección para corrixir as desigualdades" 		
FERROL	7 DE MARZO	12:30 horas no salón de actos de UGT-Ferrol farase entrega da Distinción Muller Traballadora a unha compañeira en recoñecemento ao seu traballo sindical.		
	8 DE MARZO	11:30 horas Concentración diante da sede de UGT Ferrol.		
COMPOSTELA E BARBANZA	8 DE MARZO	10:30 horas Almorzo no Salón de UGT en Compostela. 11:15 horas: Homenaxe a unha compañeira coa entrega da Distinción Muller Traballadora en recoñecemento ao seu traballo sindical e declaracións ante a prensa sobre a situación da Muller na comarca de Compostela-Barbanza. 12:00 horas Concentración diante da sede e lectura do manifesto 19:00 horas participase en Santiago na manifestación convocada polo Movemento Feminista de Compostela que sairá da praza 8 de marzo e rematará na Praza do Obradoiro 20:00 horas participase na manifestación que terá lugar en Ribeira		
		LUGO, LEMOS E COSTA LUCENSE	8 DE MARZO	12:00 horas Concentración diante da Sede de UGT Lugo. 19:00 horas no Salón de Actos da Unión se homenaxeará a unha compañeira coa entrega da Distinción Muller Traballadora en recoñecemento ao seu traballo sindical. Ao rematar o acto celebrárase unha cea homenaxe.
		OURENSE, VALDEORRAS E VERÍN	8 DE MARZO	11:30 horas Concentración diante da Sede de UGT Ourense. 19:00 horas celebrárase o Acto de Entrega da distinción Muller Traballadora a unha compañeira. 20:00 horas participaremos na manifestación convocada pola Plataforma Galegas 8M
		PONTEVEDRA, AROUSA E DEZA	7 DE MARZO	11:30 horas nos locais de UGT en Pontevedra rolda de prensa para lectura de manifesto. A continuación homenaxearemos a unha compañeira coa entrega da Distinción Muller Traballadora en recoñecemento a seu traballo sindical.
VIGO	8 DE MARZO	12:00 horas Concentración diante da Sede de UGT Pontevedra.		
		11:00 horas no Salón de Actos de UGT Vigo Mesa redonda sobre "A Muller dende unha Perspectiva de xénero no eido laboral do mar e do granito" e na que participarán as seguintes profesionais: <ul style="list-style-type: none"> • Consuelo Romar Castiñeira, Licenciada en Máquinas navais e titulada como Xefa de Máquinas. Actualmente é docente do Departamento de Máquinas da Escola Náutica Pesqueira de Vigo. • Carmen Chamorro, Patroa de Altura, primeira muller en obter o título profesional. Presidenta de ACERGA (Asociación de Armadores do Cerco. • Estrella Pereira Filgueira, encargada de Taller de Corte de Pedra na empresa Granilouro. 		
		12:00 horas homenaxearemos a unha compañeira coa entrega da Distinción Muller Traballadora en recoñecemento a seu traballo sindical 12:15 horas Concentración diante da sede de UGT Vigo. 20:00 horas participase na manifestación convocada por Feminismo Unitario de Vigo con saída na Praza de España		

mentos e recursos de vixilancia, control e sanción da Autoridade Laboral para o cumprimento efectivo do principio de igualdade no ámbito laboral. Ante as violencias machistas, a misoxinia, o racismo, a LGTBI fobia e o sexismo que afecta as mulleres, instan a unir "as nosas voces neste 8M xunto ao mo-

vemento feminista nacional e internacional". O manifesto conclúe cun chamamento ás traballadoras e traballadores para que participen, de maneira activa, nos distintos actos unitarios para demostrar "a forza do feminismo e o seu potencial transformador no ámbito político e no diálogo social".

A REFORMA LABORAL MELLORA A CALIDADE E CANTIDADE DO EMPREGO

Redacción.- Os datos de paro mostran unha diminución de máis de 10.000 persoas desempregadas en relación a febreiro de 2022 e un incremento da afiliación de 5.086 persoas respecto ao mes anterior, manténdose por encima do millón de persoas.

Os datos de paro correspondentes ao mes de febreiro, publicados este xoves polo Servizo Público de Emprego (SEPE), mostran un lixeiro descenso de 956 persoas desempregadas respecto ao mes de xaneiro. En relación ao ano anterior, o paro rexistrado baixa en 10.417 (-6,7%), situándose nun total de 144.092, o dato máis baixo desde febreiro de 1996. Pola súa banda, a afiliación á Seguridade Social aumenta en 5.086 persoas, manténdose por encima do millón de persoas (1.035.824).

Estes datos reflicten a estabilidade do mercado laboral tras máis dun ano de implantación da reforma laboral, cuxo dinamismo se mantén á vez que o fai a calidade do emprego creado, en tanto que o contrato indefinido segue aumentando o seu peso mes tras mes. Así, en febreiro, asináronse un total de 46.199 contratos, dos que o 38,75% son indefinidos. En conxunto, rexistráronse 18.789 contratos menos que o mesmo mes do ano pasado, un dato coherente co menor uso de contratos temporais de moi curta duración e a consecuente estabilización que entraña a contratación indefinida.

Con todo, UGT considera que esta positiva dinámica de contratación e emprego non pode ocultar aspectos do mercado laboral que seguen mostrando un comportamento moi preocupante. Por exemplo, os datos do paro de longa duración, que seguiron manténdose moi elevados. Segundo os últimos datos da EPA, en Galicia 47.000 persoas levan máis dun ano en situación de desemprego.

A nova Lei de Emprego debe mellorarse substancialmente

Estes datos poñen en evidencia a ineficacia das Políticas Activas de Emprego existentes, algo que a nova Lei de Emprego aprobada recentemente non vai solucionar, en tanto que non resolve ningún dos problemas que tradicionalmente arrastraron os Servizos Públicos de Emprego, como é a falta de orientadores



profesións que sexan capaces de prover ás persoas desempregadas dun itinerario personalizado de inserción no emprego acorde ás súas necesidades.

Ademais, o sindicato manifesta a necesidade de mellorar a cobertura do sistema de prestacións por desemprego, pois no mes de xaneiro tan só beneficiáronse 90.673 persoas dunha prestación, situándose a taxa de cobertura no 68%.

Para UGT, a efectividade que está a mostrar a reforma laboral na creación de emprego de calidade non debe ser motivo para deixar de lado a outra cara do mercado de traballo, condenando ás persoas desempregadas a un futuro carente de oportunidades laborais. É por iso que UGT rexeita a nova Lei de Emprego, que nin sequera se apoiou no Diálogo Social, e esixe melloras inmediatas e profundas que verdadeiramente cedan aos Servizos para o Emprego o lugar prioritario que deberían ter na configuración das Políticas de Emprego.

Datos desemprego en Galicia

No mes o paro medra no Estado en 2.618 persoas (0.09%) e en Galicia se contrae en 956 (-0.66%). No entanto, no ano, hai unha clara contracción das cifras, baixando nun 6.74% en Galicia, con 10.417 persoas desempregadas menos, e nun 6.45% de caída no Estado, 200.669 menos.

O paro en Galicia sitúase en 144.092 persoas desempregadas, a cifra máis baixa de desemprego nun mes de xaneiro da serie histórica, dende 1996. No Estado sitúase en 2.911.015.

En materia de contratación, dáse unha cifra récord de contratación indefinida nun mes de febreiro, co 38.75% total de contratación pero aínda por baixo da do Estado, onde acadou o 45.46%.

Hai un ano, en Galicia en febreiro de 2023 a porcentaxe de contratación indefinida co inicio da reforma era do 23.13%.

Por idades, son 5.873 os mozos e mozas menores de 25 anos en desemprego, aumento no mes do 3.56%. A contracción no ano foi do 7.8%.

Por sexos, cae no mes o desemprego para as mulleres nun 0.62% e nos homes un 0.72%. No ano evolución de contracción en ambos sexos, máis acusada nos homes, o 7.66%, e do 6.07% nas mulleres. En termos estruturais as mulleres seguen a representar nada menos que o 58.33% do total de desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 84.053 mulleres, fronte a 60.039 homes.

En canto aos sectores de actividade, dáse un aumento considerable do desemprego, do 2.67%, no colectivo sen emprego anterior e rexís-

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

trase contracción nos restantes. Baixada do 1.46% no primario, de 1.8% na industria, de 0.82% na construción e de 0.81% nos servizos.

No ano dáse caída en todos os sectores, salvo no colectivo de sen emprego anterior, no que medra o 0.37%. Nos restantes, rexístrase unha contracción, do 16.35% no primario, do 11.09% na industria, do 8.17% na construción e de 6.21% no servizos.-0,66

En termos territoriais, no mes a evolución é similar á de Galicia, iso si con distintas intensidades. Cae o 1.52% en Lugo, 0.63% en Pontevedra, 0.57% na Coruña e o 0.34% en Ourense.

No ano, tamén contracción en todas elas. Caídas máis contundentes en Pontevedra, 8.17%; en Lugo, 7.87%; na de Coruña, 5.91%; e a menor caída dáse na provincia de Ourense, do 3.7%.

En canto á contratación, obsérvase un excelente dato, mellora da indefinida, chegando ao 38.75%, porcentaxe histórica nun mes de febreiro. Cos datos de febreiro compróbase que en Galicia se realizaron 46.199 contratos. Realízanse menos contratos que no ano anterior pero de moita calidade, tal e como se comproba na táboa seguinte:

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida do 74.2% na construción, do 60.5% no primario, nos servizos do 36.8% e na industria do 29.5%.

A taxa de cobertura por desemprego en xaneiro de 2023 (último dato dispoñible) sitúase no 67.96% (69.25% no Estado). As persoas beneficiarias de prestacións por desemprego sitúanse en 90.673. Pero a cobertura de desemprego amosa as dificultades que están a pasar os desempregados, xa que maioritariamente perciben subsidio, 42.125 deles, e Renda Activa de Inserción, 4.646 importes asistenciais, e tan só 43.902 son de prestación contributiva, o 48,4%.

En canto á evolución nas cifras de afiliación á Seguridade Social (media mensual), sitúase en Galicia no mes en 1.035.824. Medra nun 0,49% no mes e un 0,94% no ano. No Estado a afiliación no mes aumenta un 0,44% pero aumento máis acusadamente que en Galicia no ano, o 2.42%.

UGT-GALICIA CUALIFICA A PROPOSTA DA XUNTA COMO INSUFICIENTE, NON GARANTE AS CONDICIÓNS LABORAIS MÍNIMAS NIN A PRESTACIÓN DO SERVIZO EN CONDICIÓN

A PROPOSTA DO MÓDULO DE FINANCIAMENTO DE AXUDA NO FOGAR Á DEPENDENCIA DA XUNTA NON SAE ADIANTE POLO VOTO EN CONTRA DOS SINDICATOS

UGT-Galicia esixe un cambio de modelo

Redacción.- A pasada semana tivo lugar unha xuntanza do Consello Galego de Benestar Social no que se analizaba e votaba a proposta da Xunta de modificación do módulo de financiamento de axuda no fogar a situacións de dependencia. Tras o voto en contra dos sindicatos, UGT, CCOO, UUAA e SLG, e a abstención da parte empresarial, a proposta da Xunta non saíu adiante.

Ante esta situación, UGT-Galicia considera que a Xunta debe reflexionar sobre o documento que puxo hoxe enriba da mesa pero debe ir máis aló, sobre o modelo en xeral de prestación deste servizo. Ao respecto, UGT-Galicia considera que este modelo non serve e avoga por traballar, entre todas as partes implicadas, na busca dun novo modelo que garanta tanto as condicións laborais das persoas traballadoras que prestan o servizo, como a dignidade do mesmo para os e as súas usuarias.

En relación á proposta feita pola Xunta, a achega económica da Administración galega é claramente insuficiente. Non quedarían garantidas as condicións laborais das



persoas traballadoras do servizo, tanto no relativo ao cumprimento do convenio colectivo como da aplicación das cláusulas de revisión salarial. O que mermaría aínda máis as condicións laborais dun sector feminizado e que xa ten uns salarios moi limitados.

Por outra banda, isto, evidentemente, redundaría dun xeito tamén negativo na propia calidade da prestación do servizo de cara aos usua-

rios.

UGT-Galicia insiste en que a achega da Xunta debe ser suficiente para garantir un sistema de prestación igualitario para toda a poboación que o precise e que non pode depender este servizo e a súa calidade do territorio e concello no que se resida. Por todo isto, UGT-Galicia insiste en cualificar a proposta da Xunta como insuficiente e demanda un cambio de modelo.

UGT e CCOO ACORDAN A PROPOSTA SALARIAL PARA NEGOCIAR O AENC

Redacción.- UGT e CCOO concluíron a súa proposta unitaria en relación cos salarios que defenderán na mesa de diálogo social aberta con CEOE e CEPYME para concertar o Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2022-2024. Propoñen incluír nos convenios colectivos unha cláusula de revisión salarial que combine dous criterios: a evolución do poder de compra dos salarios e a situación económica das empresas, medida pola evolución da súa marxe de beneficios e fixan subidas salariais iniciais para cada ano do 5% en 2022, 4,5% en 2023 e 3,75% en 2024.

A cláusula de recuperación salarial operará preferentemente ao peche de cada un dos anos, e en todo caso serán os propios convenios co-

lectivos os que poderían establecer outras secuencias de entrada en vigor da cláusula.

Ambos os sindicatos propoñen tamén unha mellora do Sistema de Información Económica para a Negociación Colectiva (SIENC) que debe basearse en fontes oficiais e rexistros actuais.

Ambas as organizacións consideran que é o momento dun gran acordo salarial que traslade unha parte dos excedentes empresariais



ás persoas traballadoras.

Proposta completa

https://www.ugt.es/sites/default/files/propuesta_ugt_y_ccoo_sobre_salarios-con_logos_0.pdf

É IMPRESCINDIBLE CONTROLAR OS BENEFICIOS ABUSIVOS DAS EMPRESAS

Redacción.- O IPC adelantado para o mes de febreiro, publicado esta semana polo INE, sitúa a taxa xeral de prezos nun 6,1%, dúas décimas máis que en xaneiro, como consecuencia do repunte do prezo da electricidade. Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente estrutural, aumenta tamén dúas décimas respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 7,7% que, de confirmarse, sería a máis elevada desde decembro de 1986.

Neste sentido, o INE destaca tamén o encarecemento dos alimentos, o cal demostra, para a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, que as reducións no IVE dos alimentos non están a ter o impacto esperado, xa que este grupo continúa liderando a presión á alza dos prezos no momento actual. A falta de competencia en mercados oligopolizados, como o da distribución alimentaria, permite ás empresas fixar prezos abusivos en detrimento do interese xeral da cidadanía. Por iso, UGT reclama a necesidade de actuar en varias direccións: establecendo topes de prezos, modificando a regulación dalgunos mercados e intensificando o control sobre as marxes establecidas polas empresas.

Ademais, para o sindicato é fun-



damental implementar medidas que garantan o poder de compra da clase traballadora, promovendo así unha repartición xusta dos custos da crise inflacionista. Neste sentido, o aumento do SMI nun 8% apunta na boa dirección, mellorando a situación económica da poboación con menos recursos. Agora toca trasladar esta subida ao ámbito da negociación colectiva, para o que sería útil alcanzar

un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) en 2023 que outorgue estabilidade e certeza aos traballadores a traballadoras mediante o establecemento dun marco plurianual de incrementos salariais. De continuar a actitude de bloqueo por parte da patronal, UGT continuará coa campaña de mobilizacións nos convenios en revisión e en fase de negociación.

UGT CELEBRA QUE ESPAÑA DEPOSITASE O INSTRUMENTO DE RATIFICACIÓN DO CONVENIO 189 DA OIT

O sindicato reclama unha mesa de Diálogo Social para seguir dignificando as condicións de emprego dun sector altamente precarizado e feminizado

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores celebra que o Goberno español teña depositado na OIT o instrumento de ratificación do Convenio 189 sobre traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos doce anos despois da súa aprobación na Conferencia Internacional do Traballo, e tras o trámite parlamentario necesario.

UGT sostén que a inacción de anteriores gobernos era dificilmente comprensible, máis cando o noso país é o segundo estado membro da Unión Europea con maior número de empregos nesta actividade, e aínda coa reforma tanto da relación laboral como de seguridade social, pervivían diferenzas substanciais co resto de traballadoras e traballadores. Diferenzas que, como sinalou o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, eran, no caso da ausencia de cotización e prestación por desemprego, unha discriminación por razón de sexo.

Das 375.356 persoas afiliadas ao Sistema Especial de Empregados de



Fogar, 358.371, o 95'5% son mulleres, e destas, o 44'3% son mulleres de nacionalidade estranxeira. A precariedade neste sector de actividade cun volume indeterminado de traballo irregular e de emprego de persoas en situación administrativa irregular, devén en moitas ocasións en abusos, explotación ou trata de seres humanos, dada a invisibilidade dun traballo que se desenvolve en domicilios particulares.

UGT espera que a ratificación por

parte de España do Convenio sexa un acicate para seguir modificando aqueles aspectos que, neste momento, aínda constitúen diferenzas non xustificadas entre as traballadoras do fogar e o resto da poboación traballadora.

Neste sentido, o sindicato insiste ao Goberno na necesidade de abrir a mesa de Diálogo Social, tal como se fixo no ano 2011, para seguir dignificando as condicións de emprego dun sector que no ano 2020 foi considerado esencial.

A LEI DE EMPREGO ABANDONA Á SÚA SORTE ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS

Redacción.- UGT considera que a Lei de Emprego, aprobada polo Goberno e publicada no BOE, non vai resolver ningún dos problemas que tradicionalmente mantiveron un alto grao de ineficacia por parte das Políticas Activas de Emprego e incide en que o Goberno se negou a manter un verdadeiro proceso de Diálogo Social.

O sindicato sinala que a norma non vai resolver os problemas do paro estrutural no noso país e, moito menos, a situación dos parados de longa duración debido a que non hai mellores nuns Servizos para o Emprego que non dispoñen de orientadores e que reciben cada ano a unha baixísima proporción de persoas desempregadas, algo que é imprescindible para mellorar as súas oportunidades de escapar do desemprego e reingresar ao mercado laboral.

A proporción é igualmente baixa entre os parados de máis de dous anos, algo que resulta aínda máis grave porque impide a redución do paro estrutural e consolida e petrifica a marxinación laboral, especialmente a dos maiores de 45 anos, das mulleres e dos colectivos vulnerables. Ademais, as persoas desempregadas non son atendidas por orientadores, de forma

que non obteñen un diagnóstico dos seus problemas para reingresar ao emprego nin coñecen as accións que deberían acometer dentro dun itinerario personalizado de inserción ao emprego. Tampouco contan coa axuda e apoio permanente dun titor nin son informados dos programas de emprego e formación dispoñibles máis adecuados para a súa situación.

O sindicato advirte de que nin sequera o SEPE contesta con precisión sobre o número de orientadores que existen, nin fixan obxectivos nin unha planificación estratéxica para conseguilos, e sen itinerarios laborais e de formación personalizados, os Servizos Públicos de Emprego, e tamén os concertados e privados, tampouco coñecerán con exactitude as carencias e necesidades das persoas desempregadas, polo que non poderán orientar, definir e planificar adecuadamente nin xestionar de forma correcta e minimamente eficaz o proceso fundamental de intermediación laboral, polo que todo o sistema de Políticas de Emprego queda comprometido.

Ademais, UGT lembra que o groso das emendas que presentou aos grupos parlamentarios para liquidar as carencias desta Lei,

non foron tomadas en consideración polo que a Lei de Emprego aprobada non conta cos mecanismos precisos para responder ao gran desafío de lograr graos suficientes de eficacia e amplitude nas Políticas Activas de Emprego.

O sindicato propuxo, entre outras cousas, medidas para que os servizos de emprego dispuxesen de fondos suficientes ou para lograr que estes servizos contasen cunha regulación legal suficiente que contemplase contidos mínimos esenciais a través duns Protocolos, especialmente para os parados de longa duración.

De igual forma, púxose de manifesto o problema da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no acceso ao emprego ou desenvolver medidas para a inclusión das persoas LGTBI nas políticas activas de emprego.

Só se conseguiu incorporar a necesidade de levar a cabo un proceso de avaliación Políticas Activas de Emprego, de forma que, tras a aprobación da norma, as persoas desempregadas atópanse sen o amparo dunhas imprescindibles políticas públicas de emprego eficaces que melloren as súas oportunidades.